

Centro de Investigación Excelente do Sistema Universitario de Galicia - CITIC

FONDOS PARA VIAXES PARA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS EN CONGRESOS INTERNACIONAIS EN 2025

Ésta é unha acción aprobada polo Comité de Dirección dentro das accións estratéxicas do CITIC para o 2025.

Póñense a disposición das persoas adscritas ao CITIC fondos para viaxes cuxo obxecto sexa a **asistencia a congresos internacionais para a presentación de traballos**, sexa en formato de publicación, presentación oral ou póster.

FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA: Esta axuda está subvencionada polo CITIC, centro con acreditación en excelencia do Sistema universitario de Galicia. ED431G 2023/01. Cofinanciado nun 60 % polo Programa de Galicia FEDER 2021-27, no marco das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do SUG da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia ED431G.

A axuda queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos Orzamentos da UDC para o ano 2025.

TIPOLOXÍA DE GASTO: Gastos de viaxe, aloxamento e manutención, segundo normativa UDC, para o persoal adscrito ao CITIC.

COMPATIBILIDADE CON OUTROS FONDOS: Debido á natureza dos fondos, esta axuda é **incompatible** con outras fontes de financiamento para a mesma finalidade.

REQUISITOS:

- Ser Persoal Docente e/ou Investigador con relación laboral ou estatutaria coa UDC, ou ter matrícula en vigor na UDC, e estar adscrito ao CITIC no momento da solicitude e durante a realización da viaxe para a asistencia ao congreso.
- Presentar un traballo, en cuxos agradecementos terá que constar a mención que se especifica ao final deste documento.
- Cumprir a condición de filiación: A persoa solicitante debe cumprir os requisitos de Filiación ao centro descritos na normativa de adscrición subscrita. Revisarase a filiación das publicacións do período 2019-2024 e nas redes e plataformas científicas.



SOLICITUDES:

As solicitudes faranse mediante o envío dun correo electrónico a xestion.economica.citic@udc.gal achegando o seguinte:

- Correo de aceptación do traballo no congreso.
- Datos do congreso: nome do congreso, data e lugar de celebración.
- Datos da viaxe:
 - Persoa que vai ao congreso e tipo de persoal. No caso de non tratarse de PDI, deberase achegar contrato laboral en vigor ou matrícula no Programa de Doutoramento, segundo proceda.
 - Estimación de importes:
 - Gastos a tramitar por axencia de viaxes: Aloxamento (tendo en conta o límite por país establecido na normativa UDC), billetes de avión, traslados de/a Aeroporto (de tramitarse vía axencia).
 - Gastos a tramitar por dietas: Manutención (segundo a normativa UDC) e gastos de transporte que non se poidan contratar a través de axencia de viaxes.

A aceptación das solicitudes farase por orde de chegada, ata esgotamento dos fondos.

PERÍODO:

Poderán financiarse viaxes cuxa data de finalización sexa anterior ao 25 de outubro de 2025, **data que pode variar en función das datas de peche da Universidade da Coruña para estes fondos.**

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO DA AXUDA:

O procedemento de pagamento da axuda realizarase ao abeiro da normativa da Universidade da Coruña. Por motivos operativos, non se tramitarán adiantos do importe a tramitar por dietas.

DOCUMENTACIÓN PARA A TRAMITACIÓN: O solicitante terá que enviar, enviando a seguinte documentación a xestion.economica.citic@udc.es:

- Orzamento da axencia de viaxes, onde conste a seguinte mención (que tamén terá que constar na factura): *CITIC, centro con acreditación en excelencia do Sistema Universitario de Galicia. ED431G 2023/01. Cofinanciado nun 60% polo Programa de Galicia FEDER 2021-27, no marco das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do SUG da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia ED431G.*



- Solicitude do permiso UDC para a viaxe.
- Programa, ou referencia á web do congreso onde se atope.
- Declaración responsable conforme non se van utilizar outros fondos para a mesma finalidade.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR Á VOLTA DA VIAXE:

- Certificado de asistencia ao congreso.
- Traballo presentado no congreso, no que conste a mención que se especifica ao final deste documento.
- Concesión do permiso da UDC para a realización da estadía (e calquera outro pertinente).
- Formulario de dietas UDC en formato editable, cos datos da persoa que viaxa cubertos.
- Xustificantes das viaxes, segundo medio/s de transporte utilizado/s (tarxetas de embarque, billetes de tren, billetes de autobús, tickets de peaxe, facturas de taxi, etc.). No caso de ter orixinais en papel, deberán presentarse en CITIC os para a súa custodia para futuras auditorías.

PRAZOS:

A documentación final presentarase no CITIC dentro dos **sete días naturais** seguintes á finalización da viaxe, en calquera caso sen superar a data límite do **25 de outubro de 2025**.

REPOSITORIO:

Toda a documentación referente á convocatoria poderá atoparse en <https://citic.udc.es/intranet/>.

INSTRUCCIÓN PUBLICIDADE AXUDAS:

As persoas beneficiarias obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, relatorios ... que leven a cabo, incluíndo o seguinte texto:

"CITIC, as a center accredited for excellence within the Galician University System and a member of the CIGUS Network, receives subsidies from the Department of Education, Science, Universities, and Vocational Training of the Xunta de Galicia. Additionally, it is co-financed by the EU through the FEDER Galicia 2021-27 operational program (Ref. ED431G 2023/01)."